

ELECCIÓN CONSELLO ESCOLAR 21-22

Este curso 21-22 renovarase o Consello Escolar do CRA de Oroso segundo o disposto na Resolución do 20 de setembro de 2021 da Consellería de Educación.

O Consello Escolar do noso centro está composto por:

- Dous representantes das familias.
- Dous representantes do profesorado.
- Un representante do Concello de Oroso.
- O director do centro.

Este curso corresponde **renovar a un representante das familias e un representante do profesorado**. Segundo a normativa electoral, a **ANPA do centro (ANPA Reviravoltas) pode designar un candidato/a para este posto**. Si a ANPA non designa un candidato/a, habería que facer votacións entre as candidaturas presentadas. Pódense presentar candidatos/as tódolos pais, nais e titores legais de alumnos/as matriculados este ano na escola.

O **comezo do proceso electoral tivo lugar o 27 de outubro de 2021**, co sorteo da Xunta Electoral que regulará o proceso de eleccións. Para este sorteo, incluíronse os datos de tódolos pais, nais e titores legais de alumnos/as matriculados este ano nas escolas. O proceso electoral desenvolverase durante os meses de outubro e novembro, e todos os actos que precisen da participación das familias, como as reunións da Xunta Electoral, as votacións, e as proclamacións de candidatos faranse os martes pola tarde en Vilarromarís.

As familias do alumnado poden **consultar os censos electorais no interior das escolas**, previa solicitude ás mestras.

A Xunta Electoral constituíuse o martes 2 de novembro, formando parte deste órgano unha representante das familias, unha representante do profesorado e o director do centro. Entre outros asuntos, **aproboou o calendario electoral seguinte:**

- Publicacións da convocatoria de elección e representantes de pais/nais e mestres no Consello Escolar: **3 de novembro.**
- Publicación dos censos electorais de pais e mestres: **3 de novembro.**
- Redacción e envío dos escritos de designación de representante ao Concello e ANPA. **3 de novembro.**
- Período de presentación de candidaturas **4 ao 11 de novembro.**
- Período de reclamación do censo: ata o **11 de novembro.**
- Prazo de reclamación de candidaturas: **12 a 15 de novembro.**
- Claustro de profesores con carácter informativo: **16 de novembro.**
- Proclamación de candidaturas: **16 de novembro.**
- Sorteio de membros da mesa electoral dos pais/nais e mestres/as: **16 de novembro.**
- Citacións para a constitución das Mesas Electorais: **17 de novembro.**
- Claustro extraordinario de profesores para a elección de representantes do profesorado. Neste acto procederase á formación da mesa electoral: **23 de novembro.**
- Constitución da mesa electoral: **23 de novembro.**
- Data, hora e lugar da votación: **23 de novembro, dende as 16:30 horas ata as 17:45 h, no CRA. de Oroso.**
- Proclamación de candidatos electos: **23 de novembro.**
- Prazo de reclamacións ante a Xunta Electoral **15 días de reclamación** perante o Xefe Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Oroso, 3 de novembro de 2021.

O director.

ASDO.: JAVIER RIVAS BARCALA